

EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 14, 1-12

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Non vos agoniedes: crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que vos ía arranxar un lugar?

E cando vaia e vos arranxe un lugar, volverei e collereivos comigo, para que, onde estea eu, esteades tamén vós. E a onde eu vou, vós ben sabedes o camiño».

Dille Tomé:

– «Señor, se non sabemos onde vas, ¿como imos saber o camiño?»

Xesús respondeulle:

– «Eu son o camiño, a verdade e a vida: ninguén chega onda o Pai máis ca por min. Se me coñecédes, coñeceríades tamén a meu Pai; aínda que xa desde agora o coñecedes e o tedes visto».

Filipe díxolle:

– «Señor, móstranos o Pai e abóndanos».

Xesús replicoulle:

– «Pero, Filipe, ¿levo tanto tempo convosco e aínda non me coñeces? Quen me viu a min, viu o Pai. ¿Como dis entón: "Móstranos o Pai"?

¿Non cres que eu estou no Pai e o Pai en min? As palabras que eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras.

Crédeme que eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras.

Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai».